



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
España

Galanes, Iolanda
Terminografía galega e calidade: novos modelos
Estudos de Lingüística Galega, vol. 7, 2015, pp. 33-52
Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Disponible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305641135003>

- Como citar este documento
- Número completo
- Máis artigo
- Revista Home en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica
Rede de Revistas Científicas de América Latina, Caribe, España e Portugal
Proxecto sen ánimo de lucro Académico, desenvolvido por iniciativa Acceso Aberto

Terminografía galega e calidade: novos modelos

Iolanda Galanes
Universidade de Vigo
iolag@uvigo.es

Recibido o 04/05/2015. Aceptado o 06/07/2015

Galician terminography and quality: new patterns

Resumo

A elaboración de repertorios terminográficos que inclúen o galego como lingua de traballo experimentou desde 1980 un notable desenvolvemento. A produción terminográfica galega recente, xerada ao abeiro do proceso de normalización lingüística, foi obxecto de análise en publicacións nas que se relaciona coa planificación lingüística (p.e. Rodríguez Río 1996, Galanes 2003). Pola súa banda, na disciplina terminolóxica producíronse relevantes cambios teóricos (sobre todo a partir de Cabré 1999a), que incorporan a visión social e comunicativa ao tratamento da unidade terminolóxica. Estas innovacións teñen reflexo nas aplicacións terminográficas, especialmente no referido a plasmar as relacións entre denominación e concepto (sinonimia, polisemia etc.), así como á variación denominativa e conceptual e á selección das fontes de extracción da terminoloxía (baseadas agora en corpus).

Nesta situación, entendemos necesario actualizar a análise sobre a terminografía galega, desde a nova perspectiva comunicativa e co obxecto da mediación interlingüística, incidindo na calidade dos dicionarios. Para iso deseñamos un sistema de avaliación con base nos indicadores internacionais (Pointer 1995), nas metodoloxías de base comunicativa e nas máis recentes normas internacionais (ISO) sobre traballo terminográfico. Os resultados desta avaliación revelan conclusións que servirán para orientar o deseño de futuros traballos terminográficos.

Palabras chave

Terminoloxía, dicionarios terminográficos galegos, calidade terminográfica, mediación interlingüística, tradución

Sumario

1. Introducción. 2. Terminoloxía e calidade. 2.1. Os avances da Terminoloxía e nas aplicacións. 2.2. O concepto de calidade en Terminoloxía. 3. Sistema de avaliación da calidade dos repertorios terminográficos. 3.1. Análise de necesidades. 3.2 Criterios de calidade dos dicionarios para a mediación lingüística. 4. Calidade da terminografía galega recente. 4.1. Caracterización xeral. 4.2. Análise dos repertorios terminográficos galegos (2000-2014). 5. Conclusións.

Abstract

The production of terminology dictionaries including Galician as a working language has undergone significant development since 1980. Recent Galician terminographic work, generated within the linguistic normalization process, has been analyzed in publications in which this fact is related to language planning (e.g. Rodríguez Río 1996; Galanes 2003). Meanwhile, theoretical changes have occurred in terminology science, especially since Cabré 1999a, incorporating a social and communicative perspective into the treatment of terminological units. These innovations are being reflected in current applied work on terminology, especially with regard to how the relationship between terms and concepts is formulated (synonymy, polysemy, etc.), variation in terms and concepts, and the choice of sources of terminology, which are now corpus-based.

The time has come for a re-evaluation of Galician terminography work in the light of these new developments, taking into account the new communicative perspective and aiming at interlingual mediation, with special attention to the quality of dictionaries. For this purpose, we have designed an evaluation system based on international indicators (Pointer 1995), communicatively oriented methods and the latest international standards (ISO) on terminographic work. The results findings of this study will affect the design of such work in the future.

Keywords

Terminology, Galician terminology dictionaries, terminographic quality, interlinguistic mediation, translation

Contents

1. Introduction. 2. Terminology and quality. 2.1. Advances in terminology and applications. 2.2. The concept of quality in terminology. 3. Evaluation system of the quality of terminology dictionaries. 3.1. Analysis of the needs. 3.2 Quality criteria of dictionaries for linguistic mediation. 4. Quality of recent Galician terminography. 4.1. General characterization. 4.2. Analysis of Galician terminological dictionaries (2000-2014). 5. Conclusions.

1. INTRODUCCIÓN

Nos procesos de normalización lingüística, que pretenden ampliar os ámbitos de uso dunha lingua, o cultivo terminolóxico ocupa un lugar destacado. A terminografía galega medrou considerablemente nas últimas catro décadas. Esta produción e o seu papel no proceso de normalización lingüística foi analizada en varios traballos (Rodríguez Río 1996 e 2006; Galanes 2003 e 2006, p.e.). O obxectivo daqueles era computar e visibilizar esa produción e tamén suxerir medidas para unha boa xestión desde os presupostos da planificación lingüística.

Como queira que aquelas análises precisan dunha actualización e que se produciron cambios substanciais na disciplina terminolóxica e tamén na difusión da información especializada, cremos chegado o momento de reflexionar sobre a calidade dos dicionarios publicados desde a perspectiva da teoría comunicativa da terminoloxía, i.e., como fontes para a mediación interlingüística.

Desde os seus inicios ata a hoxe, a Terminoloxía funciona como disciplina auxiliar doutras (normalización técnica, planificación lingüística, enxeñaría lingüística, documentación e tradución e interpretación) que se achegaron a ela con obxectivos diferenciados, como tamén o son as necesidades dos usuarios (Cabré 2004: 25 e ss.). O resultado é que a disciplina experimentou avances no plano teórico e tamén nas súas aplicacións. Estas, ademais, víronse acompañadas de importantes cambios na xestión da información e na súa transmisión telemática, p. e., co desenvolvemento dos corpóra, que agora lles serven de fonte aos repertorios terminográficos.

A globalización cultural, económica e científica actual fai que toda lingua que queira salvagardar a súa identidade e reafirmarse necesite comunicar e representar coñecemento especializado para sobrevivir. Xorde a figura do mediador interlingüístico, recoñecido como un dos principais usuarios da terminoloxía (Gómez González-Jover 2006: 233), que ten as súas propias necesidades terminográficas.

Polo tanto, os obxectivos deste artigo son analizar a produción terminográfica galega nos últimos anos de acordo coas novas correntes terminolóxicas, realizar unha análise de necesidades de información terminográfica para a mediación interlingüística, coñecer ata que punto a terminografía galega actual responde a elas e tirar un diagnóstico sobre esta produción, e tamén as liñas de actuación futuras que poidan contribuír a inserir a lingua galega e a súa terminoloxía no panorama internacional. Para iso, deseñamos un marco teórico; a seguir, analizamos as necesidades terminográficas de acordo cos fins de mediación interlingüística e expoñemos o sistema de análise; e, no cuarto apartado, avaliamos a calidade dos repertorios terminográficos recentes. As conclusións desta análise figuran no final deste artigo.

2. TERMINOLOXÍA E CALIDADE

Neste apartado abordamos os aspectos teóricos que serven de apoio ao sistema de análise da terminografía deseñado *ad hoc*. Dunha banda, revisamos os avances da disciplina terminolóxica, para identificar as implicacións que a visión comunicativa tivo na práctica terminográfica. Doutra, repasamos as contribucións que sobre calidade e terminoloxía viron a luz tamén neste período como xustificación ao noso sistema de avaliación de calidade.

2.1. Os avances da Terminoloxía e nas aplicacións

A Terminoloxía formalízase como disciplina autónoma (vs. a Lexicografía) a partir de 1930 con base na elaboración de dicionarios técnicos, obra de especialistas (como *The Machine Tool* de Eugen Wüster). O obxectivo destas obras era a normalización terminolóxica, entendida como harmonización terminolóxica das denominacións técnicas nas linguas de cultura. A partir desta práctica terminográfica derívanse os principios da disciplina, que constitúen o que hoxe se coñece como a Teoría Xeral da Terminoloxía (TXT). Durante o século XX a disciplina experimentou sucesivas reformulacións no plano teórico e práctico como produto da súa difusión,

da aplicación a outros fins (corrente planificadora, corrente traducional etc.), da multiplicación exponencial da transmisión de coñecemento especializado e dos avances tecnolóxicos. De xeito que á fin do s. XX se fai sentir a necesidade de crear un novo marco teórico que combine todas as achegas no que se deu en denominar a Teoría Comunicativa da Terminoloxía (TCT), formulada por Teresa Cabré en 1999. Non realizaremos un percorrido sobre a historia da Terminoloxía e as súas reformulacións, que se pode consultar, entre outros, en Cabré (2005) e de modo mais extenso en Montero *et al.* (2011: 19-64). Limitarémonos a salientar as novidades que introduce a TCT, en contraste coa TXT, na práctica terminográfica.

O obxectivo dos dicionarios técnicos xerados na TXT é, partindo do concepto, o de seleccionar de entre todas as posibles a denominación de referencia para cada concepto. Desde un punto de vista prescritivo, escóllese esta denominación por considerala a máis adecuada para representar o concepto. A fixación dunha forma de referencia en cada lingua facilitaríaa a comunicación internacional normalizada (uniformizada) que se plasma nas normas técnicas internacionais. Na TXT a relación que se establece entre denominación e concepto é biunívoca (unha denominación para cada concepto), sen considerar nin a polisemia nin a sinonimia dos termos de especialidade. A metodoloxía escollida é onomasiolóxica (isto é, do concepto á denominación) e considérase que os conceptos constitúen un conxunto estanco que o especialista debe estruturar internamente. O especialista de cada ámbito temático é, polo tanto, o único que está en condicións de ordenar este coñecemento e o que está en mellor situación para elaborar un dicionario terminolóxico.

Andando o tempo, a disciplina e a súa práctica evolucionan como consecuencia do avance epistemolóxico, do contraste coa práctica terminográfica e da transformación das tecnoloxías da información. As principais innovacións teóricas derívanse dunha nova visión do concepto, que pasa a considerarse dinámico, susceptible de variación e de límites difusos. Mais tamén, se sente a necesidade de plasmar a variación denominativa e conceptual nos dicionarios para dar conta de todas as posibles denominacións dun concepto e das súas relacións con outros. A descrición detallada do termo e a inclusión de variantes permitiríalle ao usuario do dicionario escoller as denominacións máis adecuadas ás súas necesidades, marcadas pola situación comunicativa concreta. Isto implica crebar co principio de monorreferencialidade e univocidade do termo (TXT) e aceptar e describir a sinonimia. Ademais, propúgnase agora adoptar un método de traballo terminográfico combinado (onomasiolóxico e semasiolóxico, é dicir, tamén a partir da denominación se estuda o concepto), polo que adquire relevancia a elaboración de dicionarios a partir de corpóra (representantes do uso real) como fonte de extracción. Estas son as principais innovacións derivadas do cambio de paradigma teórico coa formulación da TCT (Cabré 1999a). Algunhas das súas consecuencias na práctica terminográfica fórmulanse, por exemplo, en Freixa, Kostina e Cabré (2002) ou en Cabré e Tebé (2005).

Na práctica terminográfica dous son os camiños encetados, dunha banda figuran os estudos sobre a nova formalización do concepto, entendido como unha entidade dinámica que debe ser obxecto de organización a través de ferramentas conceptuais (ontoloxías, ontoterminoloxías, termontoloxías etc.) nas que se tenta plasmar as relacións entre conceptos a partir dos termos dun corpus real (Roche 2008: 14; Alcina 2009: 39). Da outra, ven a luz estudos de Lexicografía funcional, que unen as bases teóricas da Terminoloxía, a Terminografía e a Lexicografía, integrándoas na chamada Lexicografía de especialidade que pretende atender as necesidades comunicativas do usuario dos textos especializados (termos e tamén fraseoloxía, colocacións etc.) desde unha perspectiva semasiolóxica (Fuertes-Olivera 2012: 7 e ss.).

Á vista da evolución disciplinaria, Vargas (2007: 46-47) establece tres xiros na historia da Terminoloxía. O primeiro é a reformulación dos presupostos teóricos: o termo pasa a ser unha unidade comunicativa e lingüística, alén de unidade de coñecemento; establécese un tratamento descritivo do termo, que considera os aspectos lingüísticos e pragmáticos coñecidos a partir das propostas socioterminolóxicas, sociocognitivas e sociolingüísticas. A seguir vén o xiro tecnolóxico, que supón a descrición dunha metodoloxía para compilar, validar, organizar, almacenar, actualizar, intercambiar e recadar termos, así como a creación de novas ferramentas de xestión de base informática. Supón a integración entre a Lingüística e a Informática nun

momento no que o acceso a textos especializados pola difusión de Internet, a posibilidade de compilalos en córpora e de poder manipular e recuperar datos con bases de datos terminolóxicas, fan albiscar a extracción semiautomática de termos. O terceiro xiro xorde como evolución das bases de datos e aborda a xestión da estrutura semántica dos contidos e as súas relacións. Preténdese a representación formalizada das relacións semánticas conceptuais en sistemas informáticos. Deste xeito, as bases de datos terminolóxicas vincúlanse á ontoloxía na que se establecen o sistema de conceptos e as súas relacións, así como as súas subclases, funcións, instancias (obxectos determinados) para extraer os axiomas (ou regras de funcionamento). O novo reto da terminografía é xestionar automaticamente o plano conceptual do termo.

En definitiva, dunha concepción estática, abstracta e delimitada do concepto definida polo especialista (e terminólogo) en cada ámbito temático, pásase a unha concepción dinámica, a integrar na descrición das denominacións os métodos das correntes de traballo terminolóxico (de base tecnolóxica, planificadora ou traducional) establecidos por Rondeau (1984: 5 e ss.) e descritos por Cabré (1992: 33 e ss.). Proponse a combinación de métodos onomasiolóxicos e semasiolóxicos, o que implica unha confluencia metodolóxica entre Terminografía e Lexicografía. Ademais, considéranse os aspectos conceptuais, pero tamén os lingüísticos e os comunicacionais do termo, utilízanse novos medios automatizados para o tratamento da información e prodúcense repertorios terminográficos para un público meta ampliado. Esta ampliación do destinatario derivase das novas necesidades de mediación lingüística nun contexto no que as interaccións especializadas se multiplican e xa non teñen exclusivamente como emisor e receptor o especialista. Estas innovacións marcan as liñas mestras da calidade, que analizamos para a terminografía galega.

2.2. O concepto de calidade en Terminoloxía

Para coñecer que é a calidade acudimos á súa definición na norma ISO 9000/2005: “3.1.1. quality. Degree to which a set of inherent characteristics (3.5.1) fulfils requirements (3.1.2). NOTE 1: The term quality can be used with adjectives such as poor, good or excellent” (ISO 9000/2005: 7). Remítenos ás características inherentes dun produto que deben estar en relación cuns requisitos previos (deseñados na fase de produción) para que este acadase un determinado grao de calidade. Se ben, cómpre explicitar que a calidade atinxe non só aos produtos, senón tamén aos métodos e, nese sentido, as normas ISO sobre terminoloxía inciden na xestión terminolóxica e nos servizos co obxecto de harmonizar os procesos de produción (Pozzi 2003; Silva 2014)¹. Así, a calidade ten unha dobre vertente, interna e externa, que se refire tanto aos procesos de produción como á satisfacción das necesidades dos destinatarios dos produtos xerados.

A definición de calidade no dicionario da Real Academia Galega² ofrece tres acepcións. A primeira presenta como sinónimo *característica*, as outras dúas acepcións relacionan a calidade co concepto de *clase* (ou categoría) cunha interpretación positiva. Estas dúas últimas acepcións responden á concepción do noso sistema de avaliación, ao considerarmos que a calidade é unha característica positiva e con ese presuposto deseñamos o noso protocolo de avaliación. Nel explicitamos os requisitos de calidade que deben respectar os dicionarios orientados á mediación interlingüística, a partir das necesidades dun amplo grupo de potenciais usuarios/as e das novas orientacións da disciplina, da reflexión sobre as prácticas terminográficas e das máis recentes normas internacionais ISO de traballo terminográfico.

É obvio que a calidade, a boa calidade, dos produtos terminográficos está relacionada coas boas prácticas e, polo tanto, coas metodoloxías empregadas. Non existe unha metodoloxía terminográfica única, nin é o noso obxectivo xulgalas, e somos conscientes de que dependen dos fins dos repertorios elaborados. No contexto galego formulouse unha metodoloxía sobre

¹ En Silva (2014) estúdase a xestión terminolóxica e a calidade. As normas analizadas son ISO 1087-1:2000, 15188:2001, 12616:2002, 860:2007, 22128:2008, 26126:2012.

² <http://academia.gal/diccionario#searchNoun.do?nounTitle=calidade> (consulta: 9/01/2015).

o traballo terminolóxico puntual adaptada á nosa lingua (Rodríguez Río 2003), mais non se xerou aínda ningunha metodoloxía de traballo sistemático, é dicir, orientado á produción de repertorios temáticos³. En todo caso, que as aplicacións terminográficas sigan unha metodoloxía é un criterio de calidade.

Outra fonte para establecermos os criterios de calidade son os informes de ámbito europeo sobre terminografía. Deles, interézanos o diagnóstico que sinala as carencias dos dicionarios nun marco internacional multilingüe. Destacamos, en concreto, o proxecto Pointer (coordinado pola Universidade de Surrey) desenvolvido entre 1995-1997 co obxecto de proporcionar datos sobre o estado da investigación da terminoloxía e dos produtos terminográficos⁴. A través do método de enquisa (*Questionary survey*)⁵ identifícanse as expectativas que o/a tradutor/a ten nas fontes terminográficas que son, por orde de prioridade, as seguintes informacións:

- foreign language equivalent, synonym, variant, abbreviation;
- definition, contextual example, usage information;
- date, source and terminologist's name;
- grammatical information

Na sección 4 do informe final de Pointer⁶, tras os problemas da Terminografía, indícanse solucións que pasan por ampliar a lista de informacións pertinentes (semántica, morfolóxica, sintáctica, fraseolóxica e pragmática); por mellorar os formatos, dándolles unidade e coherencia; por afondar no tratamento do plano conceptual e por permitir o acceso á información tanto desde o concepto como desde a denominación. Estas medidas facilitan a creación de ferramentas terminolóxicas orientadas á tradución. Os aspectos sinalados concordan coa evolución teórica da disciplina, que se formaliza pouco despois na enunciación da TCT. Os criterios de calidade que extraemos para a nosa análise son: a importancia de mellorar as informacións lingüísticas para adecuar os produtos ás necesidades comunicativas dos potenciais usuarios/as, a de facilitar o acceso á información e a de afondar no estudo do concepto.

De modo paralelo ao desenvolvemento dos proxectos antes citados, Cabré (1998/1999) reflexiona sobre o concepto de calidade en Terminoloxía e indica que unha colección de termos especializados é de calidade cando son fiables, adecuados e correctos (ou estandarizados). Identifica ademais unha batería de indicadores explícitos e implícitos de calidade. Entre os primeiros figura que o repertorio inclúa marcas de uso, en atención á perspectiva comunicativa da terminoloxía, e entende por tales as marcas dialectais (espazo, tempo e situación), as marcas pragmáticas e as de ponderación. Entre as marcas implícitas indica: a metodoloxía e o proceso de elaboración explícito, a calidade das fontes de procedencia dos termos e da información, a composición mixta do equipo de traballo, a validación por especialistas no proceso de elaboración e o respecto das normas internacionais. Para concluír que un produto terminográfico será tanto máis fiable canto que reúna unha serie de requisitos formais e de contido que teñen a súa implicación nos datos que deben incluír os repertorios (Cabré 1998/1999: 277 e ss.). A modo de resumo presentamos esta información na figura seguinte:

³ Aínda que non son descoñecidas outras metodoloxías como a de Auger e Rousseau (1984), traducida ao catalán por Cabré; Rondeau (1984); Arntz e Picht (1995); ou máis recentemente Pavel e Nolet (2001).

⁴ Este proxecto serve de diagnóstico para o proxecto Interval, coordinado pola mesma universidade, que pretende crear unha infraestrutura de xestión terminolóxica en Europa, harmonizando métodos e coordinando recursos.

⁵ <http://www.computing.surrey.ac.uk/ai/pointer/ptsurvey.html> (consulta: 12/01/2015).

⁶ <http://www.computing.surrey.ac.uk/ai/pointer/report/contents.html> (consulta: 12/01/2015).

estrutura do traballo	contido	datos
<ul style="list-style-type: none"> • Explicitación de autoría • Adecuación título-contido • Explicitación de obxectivos • Presentación da estrutura de coñecemento do ámbito • Explicitación do abano temático • Precisión de destinatarios e función • Presentación da metodoloxía • Inclusión de normas de manexo • Bibliografía de referencia e de baleirado 	<ul style="list-style-type: none"> • Lista de termos completa • Termos fiables desde o punto de vista documental • Termos pertinentes • Formas terminolóxicas ben representadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Categoría gramatical • Fonte de procedencia • Definición exacta • Correspondencia entre definición e termo • Definicións sistemáticas, pertinentes e regulares • Fiabilidade das remisións • Fiabilidade das equivalencias noutras linguas • Fiabilidade das equivalencias de contextos

Táboa 1. Criterios de calidade da terminoloxía *apud* Cabré (1999/1998)

Esta proposta de criterios interésanos pola súa exhaustividade e por poñer o foco tanto na calidade dos produtos terminográficos, que é o obxecto da nosa atención, como na calidade dos termos que se poñen en circulación. Presenta criterios concretos que materializan as orientacións citadas anteriormente. Para elaborar a nosa proposta tomamos este traballo como base, se ben escolmamos os criterios que atanguen á calidade dos repertorios e adaptámoslos á situación sociolingüística do galego de especialidade. Así, desbotamos algúns, como as marcas dialectais ou cronolóxicas por non seren aplicables. Ou rebaixámoslos noutros casos, pois máis que comprobar a fiabilidade dalgúns datos (remisións, equivalencias etc.), debemos consignar como indicio de calidade que estes figuren. Nese mesmo sentido, a comprobación dos criterios relativos ao contido precisaría dun especialista en cada unha das materias de especialidade, ante a imposibilidade de realizar esta comprobación, consignamos como indicio de calidade que na elaboración da obra participen especialistas.

Por último, a calidade en Terminoloxía figura nas normas ISO aplicadas principalmente á xestión terminolóxica (procesos, planificación etc.; Silva 2014). De entre elas, recuperamos a que trata sobre o traballo terminolóxico (ISO 704, 2009: v) que enumera as actividades precisas⁷: a) a identificación do concepto e das relacións entre conceptos; b) a modelización dos sistemas de conceptos; c) a elaboración de representación dos sistemas de conceptos a través de esquemas conceptuais; d) a definición dos conceptos; e) a atribución de denominacións (principalmente de termos) a cada concepto nunha ou en varias linguas; e, f) o rexistro e presentación dos datos terminolóxicos, en soportes impresos ou electrónicos.

Percibimos nesta enumeración a pegada da perspectiva comunicativa da terminoloxía no afondamento no plano conceptual (relacións conceptuais, definicións etc.), na utilización do plural “denominacións” o que introduce a variación denominativa nos repertorios terminográficos, na perspectiva multilingüe ou na inclusión dos soportes electrónicos. Verificamos, pois, que as innovacións teóricas teñen reflexo no ámbito normativo.

3. SISTEMA DE AVALIACIÓN DA CALIDADE DOS REPERTORIOS TERMINOGRÁFICOS PARA A MEDIACIÓN INTERLINGÜÍSTICA

3.1. Análise de necesidades

A mediación interlingüística implica transmitir información desde unha lingua a outra cunha finalidade e nun contexto determinados, para o que deben realizarse necesariamente tres ope-

⁷ A tradución é nosa a partir da versión francesa da norma.

racións: a comprensión do texto orixinal, a transferencia (sobre todo da terminoloxía) e a reformulación do texto meta. O mediador en calquera das súas modalidades (tradución, interpretación, dobraxe etc.) conta normalmente cunha competencia temática inferior á do emisor e á do receptor do texto obxecto de mediación. Debe resolver esta carencia con celeridade, o que o fai del un usuario privilexiado das fontes documentais entre as que figuran os dicionarios.

A tensión pola calidade do texto meta aumenta, pois este debe funcionar como orixinal, isto implica que a transferencia de contidos especializados ten que realizarse de forma gramaticalmente correcta, conceptualmente concisa e estilisticamente adecuada. A súa terminoloxía debe ser real e adecuada ao nivel de especialización do texto, i.e., conforme á utilizada polos especialistas da lingua meta, tendo en conta a variación formal e conceptual dos termos da especialidade.

Os dicionarios non son as únicas fontes que emprega un mediador, pero si as principais, as súas necesidades son diferentes das doutros usuarios (especialistas, documentalistas, público leigo etc.). Aínda que desde a Terminoloxía se abordou a explotación das fontes terminolóxicas para a tradución especializada (Cabré 1999b, 2000 e 2004), interesa para os obxectivos deste artigo escoitar a voz de profesionais da Tradución e coñecer de primeira man as súas necesidades.

Destacamos dúas reflexións realizadas desde perspectivas diferentes. Dunha banda, Mayoral (1999: 149 e ss.) establece oito criterios que un tradutor debe ter en conta á hora de avaliar a rendibilidade das fontes documentais para a tradución. Estes son: *fiabilidade, autoridade, accesibilidade, orixinalidade, especificidade, exhaustividade, corpus e adaptación ao destinatario*. A súa reflexión parte dunha longa experiencia como tradutor de textos especializados, se ben a aplicación dos criterios non sempre é evidente e depende tamén da lingua de traballo e da súa situación.

Doutra, Gómez González-Jover, (2006) delimita as funcións que un dicionario especializado ten para a tradución especializada, de modo previo á construción do seu propio repertorio. En primeiro lugar sinala como pertinentes as informacións nocionais (Gómez González-Jover 2006: 241) que o dicionario debe recoller para contribuír a superar as carencias temáticas do mediador. Indica que son: definición, área temática e relacións entre conceptos, todas elas contribúen a que o mediador comprenda os conceptos orixinais e procure, a través do concepto, a súa equivalencia adecuada; facilitando así a transferencia. Ademais, sinala que o mediador debe contar cun léxico que valore adecuadamente a variación horizontal (por áreas de coñecemento) e vertical (segundo graos de abstracción en: especializado, semiespecializado e xeral), polo que o repertorio non se pode limitar “a indicar los equivalentes “regulares”, prototípicos y sistémicos, sino que también debe incluir equivalentes discursivos, contextuales o “situativos” (Gómez González-Jover 2006: 242). As unidades seleccionadas serán unidades simples, unidades polilixemáticas e mesmo formantes sen autonomía léxica (como por ex. *bio-*, *hemo-* etc. en Medicina). A identificación destas unidades, así como das variantes, é fundamental para a reexpresión do texto orixinal. A efectos metodolóxicos de constitución dun dicionario, resulta relevante partir dun corpus de textos da especialidade, o que facilita a inclusión de exemplos reais e de contextos nas voces do futuro dicionario.

En definitiva, o mediador debe utilizar terminoloxías precisas e correctas, de modo conciso e sistemático, para asegurar a intelixibilidade do texto meta e a súa calidade, por iso as ferramentas que consulte deben estar adaptadas á mediación.

3.2. Criterios de calidade dos dicionarios para a mediación lingüística

No noso contexto publicáronse reflexións sobre os criterios de validez das obras lexicográficas e terminográficas (Rodríguez Río 2003: 19-20) con base nos criterios de Cabré (1999/1998) e do proxecto Interval. Non é unha lista exhaustiva e figuran nela aspectos relativos á difusión dos repertorios e aos seus usuarios, que valoran o peso normativo, o prestixio dos seus autores e a súa difusión, factores todos eles esóxenos. Aínda que se trata dunha reflexión xurdida desde a normalización lingüística valoramos que estea contextualizada para o caso galego. Retomamos algúns dos seus criterios, se ben, desde a perspectiva da mediación lingüística. En concreto,

temos en conta os criterios enunciados por Mayoral (1999) e aplicamos o establecido en Pointer (1997), Cabré (1998/1999), Rodríguez Río (2003) e Gómez González-Jover (2006) co afán de articular un sistema de análise que atribúa evidencias (parámetros) aos criterios de Mayoral e sirva para avaliar as fontes terminográficas. Numeramos correlativamente cada un deles para que resulte máis doada a súa identificación.

Así, entenderemos que estamos ante un repertorio fiable (*fiabilidade*) se cumpre os seguintes parámetros: 1) explicitar a metodoloxía de elaboración e citar o método de compilación de datos (fontes e sistematicidade das informacións ofrecidas); 2) incluír bibliografía; e 3) xerarquizar as acepcións, que implica unha ampla perspectiva (especializada, semiespecializada e xeral).

A *autoridade* do repertorio descansa en dous indicadores: 4) participación do especialista e 5) aval. As mellores obras contan coa autoría conxunta de terminólogos e especialistas, e tamén é importante que conte co aval dunha entidade normativa (RAG), profesional ou institucional, por entendermos que ningunha entidade arrisca o seu prestixio social nunha obra que non sexa de calidade e de aceptación en medio especializado.

A *accesibilidade* derivase de tres parámetros: 6) que o repertorio conte con versión electrónica; 7) que permita realizar buscas avanzadas, para localizar a información en todo o artigo terminográfico (non só na entrada); e 8) que sexa posible recuperar a información a partir de calquera das linguas de traballo, o que implica incluír índices remisivos.

A *orixinalidade* do dicionario cífrase no manexo de fontes documentais reais, os parámetros que o miden son: 9) que figuren nel contextos ou exemplos reais (non creados *ad hoc*); ou 10) que o corpus de extracción estea constituído por documentos reais, o que non sempre é posible nas linguas minorizadas.

A *especificidade* atinxe ao plano conceptual, os seus parámetros son: 11) a presenza dunha árbore conceptual; 12) a utilización marcas que indiquen a relación entre conceptos, como as remisións (reenvíos); ou 13) que as entradas presenten marcas de área e subárea temática.

A *exhaustividade* está asegurada se o dicionario: 14) presenta información nacional a través de definicións terminográficas, ou preferiblemente enciclopédicas (Gómez González-Jover 2006: 244); e tamén se 15) inclúe todas as unidades polilexemáticas posibles, sinónimos, variantes denominativas e marcas de uso de cada unha das formas. Estas orientan a escolla do mediador segundo o nivel de especialización e rexistro do texto meta.

No referido ao *corpus* e dada a esixencia de empregar terminoloxías reais, é pertinente 16) que o repertorio se basee en córpora de documentos reais da especialidade e 17) que ofrezca contextos e informacións de tipo gramatical.

A *adaptación ao destinatario*, o mediador, esixe que; 18) os dicionarios sexan multilingües e 19) que dada a súa limitada competencia temática, poida recuperar máis información ca a terminográfica.

Estes son os criterios e parámetros que, ao noso xuízo, determinarán se a calidade da produción terminográfica galega recente responde ás esixencias da mediación interlingüística que a globalización require. Somos conscientes de que non todos os parámetros teñen o mesmo peso na súa contribución á calidade da terminografía. Nesta primeira achega limitámonos a cuantificar o cumprimento de criterios dunha mostra representativa da máis recente produción terminográfica, que presentamos a continuación. De modo que un repertorio terá en principio máis calidade para a mediación cantos máis parámetros cumpira.

4. CALIDADE DA TERMINOGRAFÍA GALEGA RECENTE

Para a avaliación da terminografía galega analizamos os repertorios terminográficos galegos xerados a partir do ano 2000 ata a actualidade, por considerarmos que a produción anterior xa foi analizada (Rodríguez Río 1996 e Galanes 2003) e por entendermos que interesa coñecer as últimas tendencias desde a formulación da TCT.

Para localizalos acudimos á máis completa relación de repertorios terminográficos do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago (SNL da USC), que nos permite acceder

a eles por área temática e por orde cronolóxica⁸. Excluímos da nosa análise os repertorios de 2015 e analizamos os publicados entre 2000-2014, a través dunha caracterización xeral e da aplicación dos criterios e parámetros expostos, sobre unha mostra seleccionada por produtor. De modo previo incluimos unha caracterización xeral do total da produción terminográfica dese período.

4.1. Caracterización xeral

Ao fío dos xiros establecidos por Vargas (2007) interesa saber ata que punto estes tiveron implicación na terminografía galega. Analizamos a seguir os repertorios, non sen antes tratar doutras ferramentas, como os bancos de datos terminolóxicos (xiro tecnolóxico) ou as aplicacións de base conceptual (xiro semántico-conceptual).

Nese sentido, destacamos os proxectos que pertencen a cada unha das últimas etapas. A primeira delas é o banco de terminoloxía multilingüe *Buscatermos*, elaborado polo SNL da USC. Este banco de datos xorde a comezos do século como unha ferramenta de uso interno para a comunidade universitaria (Rodríguez Río 2006: 36) e, a partir de outubro de 2012, é de libre consulta en Internet por convenio coa Xunta de Galicia⁹, fornecedora dos medios técnicos precisos para un maior volume de consultas. O seu obxectivo é centralizar as terminoloxías xeradas ou utilizadas no SNL. Ademais, foi incorporando baixo autorización outros repertorios terminográficos galegos e, posteriormente, xuntáronse os léxicos elaborados en colaboración (sobre todo de Realiter). Estas ampliacións a proxectos internacionais fortaleceron a súa perspectiva multilingüe, que non é sistemática. En 2012 contaba con 150.000 conceptos e 450.000 entradas, número que vai en aumento coa incorporación de novos repertorios. As informacións que ofrece son variables segundo a fonte terminográfica de extracción, mais o modelo de ficha cumpre cos parámetros internacionais ao incluír información lingüística (entrada, categoría gramatical, termos complexos, variantes, sinónimos, remisións, equivalencias noutras linguas), nocional (área e subárea temática, definicións) e documental, ao citar as fontes de extracción. Dúas características que singularizan esta ferramenta son as marcas de ponderación, de modo que o consultante coñece a fiabilidade atribuída polos compiladores, e a posibilidade de interacción. En definitiva, polas súas dimensións e exhaustividade converteuse nunha ferramenta de referencia.

Do xiro semántico-conceptual salientamos os proxectos do Seminario de Lingüística Informática (SLI). Esta entidade, tras xerar diversos córpora (*CLUVI*, *CTG*), así como outras ferramentas (corrector *OrtoGal*, tradutor automático *OpenTrad* *apertium* ou a plataforma de consulta simultánea a varios recursos, *RILG*), orientou a súa investigación á Terminoloxía en confluencia coa Termoteca e a Neoteca da Universidade de Vigo¹⁰. Comezou a desenvolver traballos de corte semántica recentemente, o primeiro dos retos foi elaborar a versión galega da rede léxico-semántica *WordNet* (Gómez Clemente *et al.* 2013: 28), denominada *Galnet*. O *Corpus Técnico do Galego* (*CTG*) e *Galnet* son as ferramentas base para o desenvolvemento de *Termonet*, cuxo obxectivo é realizar a extracción terminolóxica a partir de calquera *synset* (serie sinonímica) da ontoloxía léxica de *WordNet* de acordo con relacións semánticas seleccionadas¹¹. Trátase de traballos en curso que fan albiscar novas aplicacións e produtos, dos que teremos noticias nos próximos anos. Neste momento son a vangarda do traballo terminolóxico en Galicia.

Volvendo aos repertorios terminográficos, ofrecemos a seguir unha caracterización xeral de modo previo á súa avaliación. Para elaborala sérvennos de modelo os parámetros utilizados por Galanes (2003), para analizar a terminografía de 1984 a 2000.

⁸ <https://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/biblio-term.html> (consulta: 12/01/2015). A cita de repertorios terminográficos segue o formato autoría (ano). Para a súa consulta remitimos á lista do SNL da USC. Da relación faltarían, na nosa opinión, dous repertorios (ALTE 2008 e Bermejo *et al.* 2006) que recollen denominacións e definicións de conceptos especializados.

⁹ Véxase a nota de prensa correspondente: <http://www.xunta.es/linguagalega/buscatermos> (consulta: 15/04/2015).

¹⁰ Sobre os seus traballos: <http://sli.uvigo.es/recursos.html> (consulta: 15/04/2015).

¹¹ Agradecemos a Xavier Guinovart e a Miguel Solla que nos facilitasen información sobre o proxecto *SKATeR-UVigo*: "Adquisición de escenarios de coñecemento a través da lectura de textos: desenvolvemento e aplicación de recursos para o procesamento lingüístico do galego".

O primeiro dos ítems que require a nosa atención é o *volumen* de obra. Na devandita lista do SNL da USC contabilizamos un total de 153 repertorios para o período 2000-2014, o que implica unha media de produción de 10,2 repertorios/ano. Esta media duplica os 5 repertorios/ano do período inmediatamente anterior e concorda coa tendencia ascendente sinalada en Galanes (2003: 235).

En canto ás *autorías*, é pertinente combinar o criterio de autoría e o de editora, de modo que tratamos ambos como produtores de terminografía. Os proxectos elaborados en parceria clasifícamolos como *colaboración*. Discriminamos as obras de *editorial* respecto das de *especialista*, mesmo se potencialmente poderían entrar en intersección. Baixo a etiqueta *institucional* agrupamos tanto a obra publicada por administracións foráneas como pola administración galega. Distinguimos entre os repertorios xerados polos servizos de normalización lingüística (*servizos*) e os xerados no ámbito universitario (académico) galego, que etiquetamos como *universidade*. Nel inclúense os dicionarios editados polos servizos de publicación ou no marco das actividades académicas (traballos fin de carreira ou proxectos de investigación). Singularizamos a achega de *Termigal* por se tratar da entidade sobre a que a RAG fai descansar a autoridade normativa na fixación da terminoloxía galega. Na seguinte táboa presentamos os datos en números absolutos e porcentaxe sobre o total de produtos:

produtor	número	% total
colaboración	24	15,68%
editorial	15	9,80%
especialista	3	1,96%
institucional	21	13,72%
Termigal/CRPHI	6	3,92%
profesional	15	9,80%
servizos	47	30,71%
universidade	22	14,37%

Táboa 2. Volume e porcentaxe de terminografía galega (2000-2014) por produtores

Á vista dos datos percibimos un aumento dos axentes e, sobre todo dos dicionarios elaborados por *colaboración*. A maior parte deles son da Rede Panlatina de Terminoloxía (Realiter)¹², na que se integran media centena de centros institucionais e universitarios de 16 países para producir léxicos en linguas neolatinas sobre áreas de coñecemento innovadoras (biotecnoloxía, hemodinámica, cambio climático, gripe aviaria, xeomática etc.) de modo colaborativo baixo a coordinación dunha das entidades citadas. A xestión dos proxectos realízase por iniciativa do coordinador de proxecto que propón un léxico, a partir dunha nomenclatura (aproximadamente 300 conceptos) con definicións en dúas linguas (normalmente inglés e francés) e os participantes proporcionan as equivalencias denominativas na súa lingua. Cómpre indicar que aínda que é un método rendible para a produción de terminoloxías galegas innovadoras, ata o momento ningún destes léxicos foi liderado por unha entidade galega. Outro dos proxectos colaborativos multilingües, a desaparecida rede Linmiter, agrupaba representantes de linguas minorizadas neolatinas europeas.

Emerxen tamén outros editores de ámbito institucional, con sede na Xunta de Galicia. Se en Galanes (2003: 235) se salientaba o labor da Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL) como editora de terminografía, os promotores institucionais son neste período moito máis variados. Xunto ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), que colle o testemuño da DXPL e é sede de Termigal, figuran outras entidades como a Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias (2008), Portos de Galicia (2006), a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia (2009) etc. Estes editores exerceron a súa

¹² <http://www.realiter.net/lessici-realiter?lang=gl> (consulta: 20/04/2015).

función no período 2005-2009 e, tamén hai que dicilo, boa parte dos repertorios desapareceron na actualidade da rede. Constitúe un colectivo de edición atinxido polo que poderíamos denominar “mortalidade terminográfica”, pois 6 (dun total de 13) repertorios irrecuperables pertencen a esta categoría.

Nese período, de modo paralelo a este impulso institucional, o sector *profesional* tamén produce dicionarios da man de entidades colexiais ou profesionais como a delegación galega do Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos en Fagúndez Díaz *et al.* 2008, o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (2009) ou a CIG (Gabinete Técnico de Saúde Laboral 2008), que editan cadanseu dicionario. Non é esta unha senda nova, ten antecedentes en repertorios como o do Colexio de Arquitectos de Galicia. O papel dos medios de comunicación, como o desaparecido *Vieiros* e a súa sección *galego.org* tamén foi relevante, mesmo se os léxicos editados en comezos do século nos resultan hoxe básicos.

O principal editor nesta etapa son os servizos de normalización lingüística, de entre os que salientamos os de ámbito universitario. O SNL da USC e o da Universidade da Coruña (desde 2005) produciron boa parte dos repertorios baixo formatos uniformizados: *Termos Esenciais* e *Vocabulario* no caso da USC e a serie *Profesionaliza a túa lingua* na UdC. Ambas as entidades foron producindo terminografía para as titulacións implantadas nelas, cubrindo algunhas das carencias detectadas en Galanes (2003: 238). Outro dos servizos produtores foi o da Confederación de Empresarios de Galicia que, durante a súa andaina, publicou algúns dicionarios hoxe ilocalizables na rede, seguramente pola desaparición da subvención que sustenta o servizo lingüístico.

No referido ás *áreas temáticas* consideramos os tres grandes grupos de Galanes (2003: 237): Ciencia e Tecnoloxía, Ciencias sociais e Ciencias humanas, mesmo se somos conscientes de que é unha división demasiado ampla. Daquela, indicábase unha prevalencia na edición de glosarios de Ciencia e Tecnoloxía (55%) que se mantén nos repertorios analizados agora, pois constitúen o 50% dos producidos. Os do ámbito das Ciencias sociais experimentan agora un pequeno avance ao subir do 26 % ao 32,6%. E, por último, o ámbito das Humanidades presenta unha porcentaxe semellante (17,3%) á consignada daquela (16%). Non existen, pois, mudanzas considerables, máis aló do leve aumento dos repertorios en Ciencias sociais en detrimento das áreas máis técnicas. As novidades atinxen ás subáreas de coñecemento obxecto de tratamento terminográfico. Na liña do apuntado en Galanes (2003: 238), incorpóranse neste novo período algunhas enxeñarías (telecomunicacións, naval), Veterinaria, Fisioterapia, Podoloxía, Contabilidade, Turismo, Dereito civil etc. O mesmo acontece con algunhas das grandes áreas como a Filosofía ou a Física que pasan a ser obxecto de atención singularizada. Cóbreanse, ademais, diversas necesidades en grandes áreas de coñecemento. Sirvan de exemplo os dicionarios de Medicina: contamos hoxe cunha excelente obra monolingüe (Reyes Oliveros *et al.* 2002) e a correspondente obra tetralingüe (español, galego, inglés, portugués; Rodríguez Río coord. 2008), o que tamén é aplicable a outras áreas de coñecemento como a Bioloxía, o Dereito ou os Recursos Humanos.

No tocante ás *combinacións lingüísticas* dos repertorios, para compararmos os datos que figuran en Galanes (2003: 239) cos da produción actual, elaboramos a seguinte táboa:

número de linguas	1984-2000	2000-2014
pentalingüe ou máis	8%	23%
cuadrilingüe	11%	5,10%
trilingüe	16%	13,86%
bilingüe	49%	40%
monolingüe	16%	17,51%

Táboa 3. Porcentaxe de repertorios por combinación lingüística (2000-2014)

Os datos deixan ver un aumento notable de dicionarios que inclúen 5 ou máis linguas de traballo, como consecuencia da colaboración en redes. Se en Galanes (2003: 240) se indicaban as edicións de ámbito estatal como vía de elaboración do galego xunto coas outras linguas autonómicas (en número de 7), agora ese tipo de edicións están en decadencia, de feito só rexistramos tres (Cruz Mundet 2011; IULA 2008; e Administración da Seguridade Social 2006). Caso distinto é o da colaboración en repertorios multilingües de ámbito catalán, ben os promovidos en Realiter como desde outras sociedades científicas de ámbito estatal (p. e. Porta dir. 2014). No caso dos repertorios bilingües, ocupan un lugar destacado os que presentan as denominacións nas dúas linguas cooficiais (español e galego), que supoñen o 80% dos bilingües, se ben a súa porcentaxe, en comparación coa da produción anterior, está en diminución. Nese sentido destacamos que case todos os dicionarios dun dos novos e máis activos produtores, o SNL da UdC, presentan nos seus repertorios só esas dúas linguas.

O soporte maioritario dos repertorios é o dixital, con independencia de que poidan ter tamén unha edición en papel. Nese sentido, o avance é moi significativo, do total de 153 obras, 119 contan, ou contaron, con soporte electrónico. Este avance corre en paralelo coa difusión dos medios electrónicos, especialmente nos servizos institucionais e académicos (os SNL, o SLI, CRPIH etc.). Pola contra, só presentan edición en papel aqueles repertorios do sector editorial (como González Piñeiro 2013; Varela Castro *et al.* 2011; Baldomir 2010) ou do ámbito da investigación, como os traballos fin de carreira, dos que algúns atoparon lugar en edicións privadas ou institucionais (Souto García 2002; Camafeita 2010).

Para completar esta análise realizamos a seguir unha avaliación de calidade dunha mostra dos repertorios na que abordamos os criterios citados en 3.2.

4.2. Análise dos repertorios terminográficos galegos (2000-2014)

Dada a imposibilidade de aplicarmos todos os criterios e os seus parámetros ao total da produción, realizamos neste apartado unha cala sobre mostra, cuxa escolla non é aleatoria. Dado que nos interesa coñecer como se afronta a xestión multilingüe na terminografía galega, a primeira escolma é segundo o tipo de produtor, de xeito que estean representadas todas as categorías da táboa 2. Ademais, seleccionamos os dicionarios máis recentes, por interesarnos as tendencias, e dentro deles, privilexiamos os repertorios multilingües sempre que foi posible.

Dos colectivos heteroxéneos, seleccionamos unha obra de cada axente, p.e. obras de ámbito institucional español (Administración da Seguridade Social 2006) pero tamén galego (Instituto Galego de Estatística 2010). E igualmente para os SNL dos que, dada a súa desigual traxectoria, seleccionamos obras da USC, UdC e UVigo. Así mesmo, cando unha mesma entidade produce obras de distinto teor, organizadas ou non en coleccións específicas, decidimos seleccionar unha de cada tipo. Así, do SNL da USC escolmamos obras da colección *Termos esenciais* e da colección *Vocabularios*. E aínda máis, cando dentro dun mesmo subgrupo existan diferenzas significativas dunha a outra obra, tentamos explicitalas analizando as obras máis representativas de cada tipoloxía.

O feito de aplicarmos os criterios citados a partir dunha selección por produtor non pretende xulgar a mellor ou peor calidade dos seus repertorios, senón determinar como entende e aplica esa entidade o traballo terminográfico, asemade que caracterizamos a súa microestrutura.

A nosa mostra está constituída por 23 obras e avaliadas segundo o sistema exposto. Para estes efectos sumamos o número de parámetros cumpridos dos establecidos no punto 3.2 deste traballo. O seu resultado adiantase na terceira columna da gráfica:

produtor	obra	parámetros cumpridos
colaboración	Porta (dir.) (2014)	15
	Gómez Guinovart <i>et al.</i> (2014)	9
editorial	Cruz Mundet (2011)	11
	De Gregorio Fernández <i>et al.</i> (2010)	11
especialista	Daviña Facal (2000-)	11
	Consello da Cultura Galega (2006)	7
institucional	Administración da Seguridade Social (2006)	7
	Instituto Galego de Estatística (2010)	5
	Fundación para o Fomento da Calidade Industrial (2009)	7
Termigal/ CRPIH	Lahuerta Mouriño <i>et al.</i> (2002)	9
	Gómez Márquez <i>et al.</i> (2010)	9
	Dans Álvarez de Sotomayor <i>et al.</i> (2010)	15
profesional	Fagúndez Díaz <i>et al.</i> (2008)	12
	Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (2009)	11
servizo lingüístico	Martínez García <i>et al.</i> (2014)	13
	Antelo Suárez <i>et al.</i> (2012)	13
	Rodríguez Río (coord.) (2012)	13
	Giménez Fernández <i>et al.</i> (2005)	9
	Méndez López (2009)	5
universidade	Buono <i>et al.</i> (2011)	9
	Souto García (2002)	15
	Carril Vázquez <i>et al.</i> (2010)	8
	Institut Universitari de Lingüística Aplicada, IULA (2008)	7

Táboa 4. Obras terminográficas galegas avaliadas (2000-2014)

Avaliamos cada unha das obras segundo os 8 criterios expostos no apartado 3.2. e os seus correspondentes parámetros de calidade (19) e anotamos o número de parámetros cumpridos. Incluímos esa información na terceira columna da táboa 4. Nas seguintes liñas caracterizamos as obras paradigmáticas de cada un dos produtores.

O primeiro dos grupos obras en *colaboración* reúne un nutrido grupo de 24 repertorios baixo dous modelos de colaboración. Dunha banda, a obra promovida por unha sociedade ou colectivo científico, que inclúe as equivalencias noutras linguas alén da inicial; isto é, unha colaboración *ad hoc*, das que só temos unha obra. Doutra banda, figura a obra elaborada no seo dunha rede de traballo terminolóxico estable, como Realiter ou Linmiter.

A xulgar polas obras que analizamos (Porta dir. 2014 e Gómez Guinovart *et al.* 2014) en ambos os modelos se parte dunha nomenclatura na lingua orixinal que conta na obra cun status superior (árbore conceptual, definicións, reenvíos, ponderación de variantes etc.) ca as outras. No ámbito académico, non faltan voces que reclaman un “enriquecemento lingüístico” (Cabré e Tebé 2005: 22) que considere todas as linguas de traballo en pé de igualdade. Con todo, dado que se trata dun procedemento rendible e rápido para xerar terminoloxías innovadoras en galego, é unha vía de traballo que non convén descoidar.

Ambas as obras contan coa autoridade de especialistas e de entidades académicas, son accesibles a través de formato electrónico, que permite as buscas avanzadas e a consulta de índices. A información lingüística (*exhaustividade*) é bastante completa. A tacha que cabe aporñerlles a ambas é que non se explicita o corpus de extracción (*corpus*) nin presentan contextos reais (*orixinalidade*). Ademais, a segunda delas recibe unha menor puntuación por non explicitar a bibliografía, nin a árbore conceptual nin as marcas de subárea (*especificidade*) e tampouco presenta información nocional. O que non quere dicir que non se manexe esa información na

nomenclatura inicial. Sería desexable que no futuro se visibilizase esta nos léxicos publicados. En cambio, ofrece variantes xeográficas (p. e. portugués do Brasil) e variantes en todas as denominacións de todas as linguas (aínda que só xerarquizadas na lingua orixinal).

Para avaliarmos as obras do sector *editorial* seleccionamos obra galega e analizamos a única obra española deste tipo, o que é tamén é mostra da feble consideración da cultura galega en ámbito español. Pola contra, varias editoras galegas inclúen dicionarios terminolóxicos nos seus catálogos, aínda que testemuñalmente e como extensión aos materiais para o sector educativo (*vid.* os dicionarios para Secundaria ou Bacharelato de Morgante) ou de colaboracións co sector institucional (Caride e Trillo 2010). O certo é que veñen cubrir ocos en áreas deficitarias (Filosofía, Física, Pedagogía). As súas limitacións proveñen de se publicaren en papel (baixa *accesibilidade*) e de careceren de corpus.

No entanto, as obras analizadas (Cruz Mundet 2011; De Gregorio Fernández e Sendín Domínguez 2010) presentan uns parámetros de calidade elevados baseados en completas informacións nocionais de carácter enciclopédico, acompañadas doutros materiais (como láminas, reenvíos lexislativos), e tamén na exhaustividade das informacións lingüísticas (definicións, unidades polilexemáticas, variantes e marcas de uso). Son obra de autor especialista, o que asegura a súa *autoridade*, pero non sempre indican as marcas de subárea, árbore gramatical (*especificidade*) ou información gramatical (*corpus*). Ademais, a primeira delas, de acordo cos presupostos das normas ISO¹³, pretende harmonizar a terminoloxía da Arquivística na lingua principal (español) e só permite recuperar a información desde esa lingua. As obras de ámbito galego son monolingües.

Na reducida nómina de repertorios de *especialista* incluímos aquelas obras de autoría exclusiva de profesionais ou académicos dun ámbito temático. Seleccionamos 2 obras que representan modelos diferenciados. A primeira delas (Consello da Cultura Galega 2006) é un anexo a obra de especialista¹⁴ e a segunda (Daviña 2000-) é un dicionario, aínda que non integro. Pola súa autoría cumpren o criterio de *autoridade*, mais non sempre puntúan noutros aspectos. Así, a primeira delas non inclúe información gramatical, nin marcas de uso e carece de explicitación metodolóxica. Ambas as obras prescindén de contextos e de árbore conceptual, se ben Daviña inclúe marcas de subárea. A formación terminolóxica autodidáctica de Daviña plásmase no dicionario a través de informacións que incrementan a súa calidade, así trata aspectos metodolóxicos, presenta informacións lingüísticas con *exhaustividade* e *adáptese ao destinatario* con definicións de tipo enciclopédico. Ademais, xustifica na introdución os criterios de adaptación ortográfica de termos de orixe grecolatina. As súas únicas limitacións derivanse de ser monolingües, do soporte exclusivamente en papel (o que dificulta a *accesibilidade*) e de non contar con *corpus* e, polo tanto, de contextos reais. Con todo, tenta suplir esta última coa inclusión de información fonética, a xustificación da ortografía e de innovadoras marcas de uso gramatical como u.t.c.t (*úsase tamén como transitivo*).

O sector *institucional* produce glosarios como apoio ao seu labor sectorial para familiarizar a cidadanía cos seus procedementos e contribuír, de ser o caso, á normalización lingüística. Quizais por iso ningunha delas explicita o método de elaboración, non inclúen bibliografía, nin xerarquizan as acepcións e non se basean en corpus. En canto á *autoridade*, todas elas contan co aval do sector profesional ao que van dirixidas e a súa *accesibilidade* depende da web na que se publican. Así, o glosario da Seguridade Social non permite as buscas avanzadas nin presenta índices e, malia a se tratar dun repertorio multilingüe, só se recuperan os termos en cada lingua, sen posibilidade de cruzar información nin recuperar asemade as denominacións das outras linguas. Pola contra, o repertorio do IGE presenta un formato innovador pois permite descargar as entradas en formato bilingüe: inglés-galego, inglés-español, galego-inglés, español-inglés. Excepto nesta fonte, o fin de divulgación condiciona que presenten información nocional e nas tres fontes figuran unidades polilexemáticas e en dúas delas sinónimos e variantes, pola contra omítese as marcas de uso. Así pois, presentan unha calidade media como consecuencia de non estar orientados á comunicación internacional por responderen a fins divulgativos, moi patente por exemplo no da Fundación para o Fomento da Calidade (2010).

¹³ *Vid.* a ampla introdución que así o dá a entender.

¹⁴ Representa o que Martínez de Sousa (2004: 177) denomina “glosarios escondidos”.

Da colaboración establecida entre profesionais e o *Termigal/CRPIH* xorden ferramentas de interese, aínda que de formatos e calidade variable. Para a nosa avaliación seleccionamos 3 repertorios de metodoloxías diferenciadas (Lahuerta *et al.* 2002; Gómez Márquez *et al.* 2010; e Dans *et al.* 2010). A excelencia correspóndelle a última delas e reflíctese en todos os criterios, agás na *orixinalidade* e na *exhaustividade*, ao non presentar nin contextos, nin marcas de área e subárea, nin árbore conceptual. Unha das súas características máis positivas, e innovadoras na terminoloxía galega, é a aceptación do anisomorfismo (aínda que non o resolve), ao explicitar que a estruturación conceptual da área de coñecemento pode non ser idéntica en todos os espazos e linguas, o que vai na liña do “enriquecemento lingüístico” proposto en Cabré e Tebé (2005). Ademais, na súa introdución alude á metodoloxía onomasiolóxica (do concepto á denominación), o que non parece casar coa ausencia de árbore conceptual ou de marcas de área e subárea. Non queremos deixar de indicar que é un dos repertorios máis valorados da nosa avaliación e que presenta como un dos obxectivos complementar outras obras sobre recursos humanos. Os outros dous repertorios engaden, ás indicadas, carencias as de orde metodolóxica (*fiabilidade*), marcas de uso (*exhaustividade*), *corpus* e tamén destacamos a ausencia de información nocional (*exhaustividade*) de Lahuerta *et al.* (2002).

Os dicionarios xerados en *ámbito profesional* presentan unha grande calidade se os xulgamos a partir de Fagúndez Díaz *et al.* (2008) e de Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (2009). Son 2 completas iniciativas de experto con orientación multilingüe (4 e 7 linguas, respectivamente), en soporte dixital. Desde o punto de vista metodolóxico salientase o primeiro deles, polo seu apartado guía de uso, pola estrutura das entradas e pola posibilidade de interacción a través de formulario. Do punto de vista da *accesibilidade*, tamén destaca por permitir buscas avanzadas, así como a descarga do volume en formato pdf ou por recuperar a información tanto das entradas como de calquera parte da ficha terminográfica, o que facilita as buscas por calquera das linguas representadas sen necesidade de que existan índices. Ambas carecen de contextos reais, por non explicitaren *corpus* e só a segunda delas ofrece contextos (aínda que non sistemáticos), árbore conceptual e marcas de subárea en cumprimento do criterio de *especificidade*. Canto á *exhaustividade*, son repertorios moi completos que inclúen información nocional, unidades polilexemáticas, variantes e, no segundo caso, marcas de uso. O feito de seren multilingües e a completísima información nocional fan delas ferramentas *adaptadas ao mediador interlingüístico*.

A produción dos *servizos* é a máis numerosa neste período, á intensa acción do SNL da USC súmase a do SNL da UdC e, en menor medida, a de Vigo. Seleccionamos 5 obras para dar conta desta diversidade. As editadas pola USC (Antelo Suárez *et al.* 2012; Martínez García *et al.* 2014; e Rodríguez Río coord. 2012) preséntanse en dúas coleccións distintas. Dunha delas (*Termos Esenciais*) seleccionamos 2 obras por ser unha delas unha adaptación doutra obra catalá, o que a singulariza, verbo das de produción propia. O cumprimento de parámetros é homoxéneo e satisfactorio. Mais en ningún deles se explicita o *corpus* de baleirado nin se inclúen contextos reais. Non xerarquizan definicións, dado o seu carácter técnico. Nos repertorios que non inclúen definición, súplense con marcas de uso que se introducen a través de notas con informacións variadas (formas alternativas doutros dicionarios ou marcas gramaticais). Polo demais, presentan todas as garantías de *fiabilidade*, *autoridade* (con aval da comunidade científica), *accesibilidade* (formato electrónico), *especificidade* (árbore conceptual e marcas de subárea) e *exhaustividade*.

Dos escasos repertorios da UVigo seleccionamos Giménez *et al.* (2005), elaborada por un conxunto de profesores de Economía na titulación de Tradución e Interpretación. Non presenta información nocional, contextos reais, nin *corpus*. Tampouco presenta árbore conceptual nin marcas de subárea (*exhaustividade*) e como variantes só indica as siglas. A intervención de especialistas en Economía das linguas representadas engade valor á *fiabilidade* das equivalencias propostas.

A UdC achega desde a colección *Profesionaliza a túa lingua* 24 repertorios entre 2005 e 2009. Son léxicos limitados por seren listas de palabras en galego e español e, polo tanto, ideados desde a perspectiva da normalización lingüística. Contribúen a cubrir as necesidades urxentes de docentes que desenvolven a súa actividade en galego, mais non ao contrario, ao excluír o índice inverso. Carecen de información nocional, non se basean en *corpus*, non presentan contextos

nin marcas de uso. As únicas variantes que presentan son as siglas. En definitiva, son repertorios moi básicos que poden sentar as bases para posteriores desenvolvementos.

Máis aló do labor dos servizos lingüísticos, as *universidades* xeran e publican repertorios elaborados no marco da actividade investigadora. Nesta categoría analizamos un dicionario de cada universidade galega e outro do IULA. Teñen a súa orixe en proxectos de investigación, polo que non responden necesariamente ao obxectivo da mediación internacional, coa única excepción de Souto (2002) que ten a súa primeira versión nun traballo fin de carreira de Tradución e Interpretación e que respecta os parámetros de calidade, agás en que non ten contextos reais, nin marcas de uso ou informacións enciclopédicas, pois se limita ás terminográficas. Os outros repertorios (IULA 2008; Buono *et al.* 2002; e Carril *et al.* 2004) puntúan un cumprimento inferior ao non presentaren información nocional, nin árbore conceptual nin contextos. Algún deles (Buono *et al.* 2002) publícase só en papel e prescinde de especialistas, o que limita a súa *accesibilidade* e *autoridade* e o outro (Carril *et al.* 2004) non explicita nin metodoloxía nin bibliografía. Noutras ocasións, as limitacións débense a ser un subproduto dunha investigación, como IULA (2008), que pretende xerar un prototipo de reelaborador de consultas.

Para alén das notas negativas expostas, cumpriríanos un espazo moito maior para poñer en valor o enorme esforzo que a produción destes dicionarios implicou. Sirvan estas liñas para expresar ese recoñecemento.

5. CONCLUSIÓNS

O paradigma comunicativo da Terminoloxía (TCT) acae ben ás necesidades da mediación lingüística. Esta demanda repertorios terminográficos cunha densa información nocional, válida para facilitar a comprensión de conceptos pero tamén para coñecer as súas relacións. Propón, ademais, describir as variantes denominativas, con información lingüística pero tamén pragmática, que oriente a selección da denominación máis adecuada ao texto meta. Esta información debe extraerse de textos reais que poderían funcionar, potencialmente, como documentación paralela no proceso de tradución. A estas esixencias debemos engadir as de acceso aos repertorios que, alén de precisar unha versión dixital, debe facilitar o acceso a toda a información (nocional, denominativa, gramatical, sintáctica, multilingüe) de cada entrada, de modo que se abran as vías de acceso a todos os datos e para todos os/as destinatarios/as.

A Terminoloxía, nas súas tres acepcións de disciplina, método e dicionario, tivo en Galicia un desenvolvemento desigual ao non contar case con implantación en ámbito académico, nin con capacidade para completar a elaboración de métodos de traballo, pero si cunha produción de dicionarios terminográficos que xa non se pode ignorar.

A Terminografía galega xerou produtos diversificados (dicionarios, bancos de datos e enxeñaría lingüística), que cómpre alentar para que saian da categoría de anécdota e cos seus desenvolvementos contribúan a situala no mundo. Os dicionarios (2000-2014) non fixeron máis que aumentar, incluíndo novos produtores á nómina de terminógrafos, incorporando sistematicamente o especialista, ofrecendo información multilingüe e completando áreas de coñecemento antes ignotas. Mais cómpre preguntarse honestamente se ese desenvolvemento cobre as esixencias da comunicación internacional. Para intentar achegar unha resposta deseñamos un modelo de análise de calidade articulado en 8 criterios (Mayoral) y 19 parámetros concretos (normas de calidade, Cabré e experiencia propia). Aínda que sabemos que a calidade se aplica aos produtos e aos métodos, restrinximos a aplicación á máis recente produción terminográfica, en secuencia á análise de Galanes (2003).

O test aplicado a un elenco de obras selecto (por actualidade e calidade) revélanos que, salvo honrosas excepcións, non existen metodoloxías de referencia que orienten o conxunto da produción de dicionarios nin quen coordine e organice a xestión terminolóxica en Galicia. A vía de colaboración estalle a render bos resultados, aínda que, como no resto da produción, cómpre mellorar os métodos e enriquecer a información de partida (intervindo no plano conceptual con árbores ou mapas conceptuais, cando non con ontoloxías), así como mellorar as equivalencias (p.e., xerarquizando as variantes, incluíndo marcas de uso e contextos). Os novos

soportes electrónicos facilitan o acceso á información mais cumpría avanzar no acceso a toda a información (non só ás entradas) e asegurar a perdurabilidade dos léxicos na rede, quizais a través dunha plataforma institucional. A grande carencia de todos os repertorios ten que ver co corpus de partida real, que non está presente ou citado en case ningún deles como fonte. Así pois, a análise de calidade revélanos problemas de método que cómpre solucionar. E malia a todo o exposto, a media de cumprimento dos parámetros (e criterios) de calidade na mostra é de 9,65 sobre os 19 criterios enunciados. Unha medianía que representa o meritorio esforzo investido. Dedúcese da nosa análise un camiño para avanzar, que pasa necesariamente pola formulación de métodos, o apoio ás novas aplicacións tecnolóxicas e unha mellor explotación dos recursos textuais e terminográficos. Calquera avance redundará, sen dúbida, na calidade dos dicionarios e, xa que logo, da lingua.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alcina, Amparo (2009): "Metodología y tecnologías para la elaboración de diccionarios terminológicos onomasiológicos", en Amparo Alcina / Esperanza Valero / Elena Rambla (eds.), *Terminología y sociedad del conocimiento*. Berna: Peter Lang, 33-5. http://tecnolettra.uji.es/pubs/alcina_09_terminologia&sociadadelconocimiento.pdf (consulta: 20/02/2015).
- Auger, Pierre / Louis-Jean Rousseau (1984): *Metodología de la recerca terminológica*. Barcelona: Departament de Cultura, Generalitat de Catalunya (tradución e adaptación de Teresa Cabré).
- Arntz, Reiner / Heribert Picht (1995): *Introducción a la terminología*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Pirámide (Traducción a español da obra de 1989 *Einführung in die Terminologearbeit*, Hildesheim: Georg Olms).
- Cabré, M. Teresa (1992): *La Terminología. La teoría, els mètodes, les aplicacions*. Barcelona: Empúries.
- Cabré, María Teresa (1998/1999): "À propos de la notion de qualité en terminologie", *La banque des mots. Numéro spécial* 8. *Qualité et terminologie*, 7-34 (citamos pola versión en catalán "Sobre la noción de qualitat en terminologia", en María Teresa Cabré, *La terminología. Representación y comunicación*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 271-293).
- Cabré, María Teresa (1999a): *La terminología. Representación y comunicación*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada.
- Cabré, M. Teresa (1999b): "Fuentes de información terminológica para el traductor", en María Pinto / José Antonio Córdón, *Técnicas documentales aplicadas a la traducción*. Madrid: Síntesis, 19-39.
- Cabré, María Teresa (2000): "El traductor y la terminología: necesidad y compromiso", *Panacea* 1:2, 2-3.
- Cabré, María Teresa (2004): "La terminología en la traducción especializada", en Consuelo Gonzalo García / Valentín García Yebra (eds.), *Manual de documentación y terminología para la traducción especializada*. Madrid: Arco Libros, 89-122 (Colección Instrumenta Bibliológica).
- Cabré, María Teresa (2005): "La Terminología, una disciplina en evolución: pasado, presente y algunos elementos de futuro", *Debate terminológico* 1. <http://seer.ufrgs.br/index.php/riterm/article/view/21286> (consulta: 20/02/2015).
- Cabré, Teresa / Carles Tebé (2005): "El trabajo terminológico multilingüe de *enriquecimiento lingüístico*: una propuesta metodológica", *Revista Española de Lingüística Aplicada* 19, 21-24. <http://dialnet.unirioja.es/ejemplar/134676>.
- Freixa, Judith / Irina Kostina / Teresa Cabré (2002): "La variación terminológica en las aplicaciones terminográficas", en *Actas del VIII Simposio Iberoamericano de Terminología*. Cartagena de Indias: Riterm. http://www.ufrgs.br/riterm/esp/simposios_antiores_2002.html (consulta: 20/02/2015).
- Fuertes-Olivera, Pedro A. (2012): "La elaboración de diccionarios especializados para el traductor: Teoría y práctica", *Revista de Lexicografía* XVIII, 7-23. http://ruc.udc.es/bitstream/2183/12129/1/RL_18_2012_art_1.pdf (consulta: 20/02/2015).
- Galanes Santos, Iolanda (2003): "A terminoloxía en Galicia", en Henrique Monteagudo / Xoan Bouzada (dirs.), *O proceso de normalización do idioma galego. Elaboración e difusión da lingua*, vol. III. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 229-288.
- Galanes Santos, Iolanda (2006): "Panorama da terminoloxía en Galicia: orientacións, infraestrutura e recursos. Historia da (re)elaboración do corpus da lingua", en Servizo de Normalización Lingüís-

- tica da UDC, *Lingua e investigación. II Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 109-134.
- Gómez Clemente, Xosé María / Xavier Gómez Guinovart / Andrea González Pereira / Verónica Taboada Lorenzo (2013): "Sinonimia e rexistros na construción do WordNet do galego", *Estudos de lingüística galega* 5, 27-42.
- Gómez González-Jover, Adelina (2006): *Terminología, lenguajes profesionales y mediación interlingüística. Aplicación metodológica al léxico especializado del sector industrial del calzado y de las industrias afines*. Alacant: Universidade de Alacant (tese de doutoramento). <http://rua.ua.es/dspace/handle/10045/760> (consulta: 08/01/2015).
- ISO 9000:2005: *Quality management systems. Fundamentals and vocabulary*.
- ISO 704:2009: *Travail terminologique- Principes et méthodes*.
- Martínez de Sousa, José (2004): "La lexicografía especializada del español actual", en *Actas del Congreso Técnicas Documentales Aplicadas a la Traducción Especializada*. Madrid: Fundación Duques de Soria, 173-190.
- Mayoral Asensio, Roberto (1999): "La traducción especializada como operación de documentación", *Sendeban* 8/9, 137-154.
- Montero Martínez, Silvia et al. (2011²): *Terminología para traductores e intérpretes*. Granada: Ediciones Tragacanto.
- Pavel, Silvia / Diane Nolet (2001): *Précis de terminologie*. Ottawa: Bureau de la traduction. <http://www.bt-tb.tpsgc-pwgsc.gc.ca/btb.php?lang=fra&cont=692> (consulta: 08/01/2015).
- Pozzi, María (2003): "ISO 704 e ISO 1087-1: dos normas del ISO/TC37 en conflito", en Margarida Correia (org.), *Terminologia e Indústrias da Lingua, Actas do VII Simpósio Ibero-Americano de Terminologia*. Lisboa: ILTEC.
- Roche, Christophe (2008): "Le terme et le concept : fondements d'une ontoterminologie", en Christophe Roche (ed.), *Proceedings from the first TOTh conference 2007, Terminologie & Ontologie: Théories et applications*. Annecy: Institut Porphyre, 1-22. http://www.porphyre.org/toth/filles/actes/TOTh2007_actes.pdf (consulta: 08/01/2015).
- Rodríguez Río, Xusto (1996): "Os traballos terminolóxicos en lingua galega: unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades", *Cadernos de Lingua* 13, 35-74.
- Rodríguez Río, Xusto A. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rodríguez Río, Xusto (2006): "A modernización terminolóxica e o uso do galego en contextos científico-técnicos: o papel das universidades", en Servizo de Normalización Lingüística da UDC, *Lingua e investigación. II Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 25-40.
- Rondeau, Guy (1984²): *Introduction à la terminologie*. Chicoutimi: Gaëtan Morin.
- Silva, Raquel Alves (2014): *Gestão de Terminologia pela Qualidade. Processos de validação*. Lisboa: Universidade Nova de Lisboa (tese de doutoramento inédita).
- Vargas Sierra, Chelo (2007): "El léxico especializado y las ontologías", en Enrique Alcaraz Varó et al. (eds.), *Las lenguas profesionales y académicas*. Barcelona: Ariel Lenguas, 41-52.
- Wüster, Eugene (1967): *The Machine Tool*. Londres: Technical Press.

Obra terminográfica galega citada

- Administración da Seguridade Social (2006): *Glosario de termos da Seguridade Social*. http://www.seg-social.es/Internet_3/Glosario/index (consulta: 20/02/2015).
- ALTE (2008): *Glosario de termos para a avaliación de linguas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (tradución de Cristina Suárez e Lucía Loureiro).
- Antelo Suárez, Elisardo / Xusto A. Rodríguez Río (2012): *Termos esenciais de arquitectura de computadores: (galego-español-inglés)*. Santiago de Compostela: SNL USC. https://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/andel-term_SNL.html (consulta: 20/02/2015).
- Baldomir Cabanas, Xohán Xavier (2010): *Breve dicionario galego de termos teatrais*. Noia: Toxosoutos.
- Bermejo, M.R / A.M. González-Noya / M. Vázquez (2006): *O nome e os símbolos dos elementos químicos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, CRPIH. <http://www.cirp.es/w3/publicacions/pub-0218.html> (consulta: 20/02/2015).
- Buono, Benedict / María Consuelo de Frutos Martínez / Javier Gutiérrez Carou (2011): *Vocabulario galego*

- go-italiano: *gastronomía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Camafeita Longa, Olga M. (2010): *Diccionario da música popular en Galicia*. Cangas: Edicións Morgante.
- Caride Gómez, José Antonio / J. Felipe Trillo Alonso (dirs.) (2010): *Diccionario galego de pedagogía*. Vigo: Galaxia.
- Carril Vázquez, Xosé Manuel *et al.* (2010): "Glosario elemental plurilingüe de relacións laborais (galego-castelán-inglés-francés)", *Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo* 1, 387-482. http://www.udc.es/snl/terminoloxia/rrll_plurilingue.pdf (consulta: 20/02/2015).
- Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia / Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (2009): *Diccionario galego das TIC: DIGATIC*. <http://www.digatic.com> (consulta: 20/02/2015).
- Consello da Cultura Galega (2006): *Incendios forestais: glosario*. http://www.consellodacultura.org/mediateca/extras/incendios_1.pdf (consulta: 20/02/2015).
- Cruz Mundet, José Ramón (2011): *Diccionario de archivística* (con equivalencias en inglés, francés, alemán, portugués, catalán, euskera y gallego). Madrid: Alianza.
- Dans Álvarez de Sotomayor, Lucía / Yolanda Maneiro Vázquez / Inés Veiga Mateo (2010): *Diccionario galego de recursos humanos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <http://www.cirp.es/w3/publicacions/pub-0307.html> (consulta: 05/04/2015).
- Daviña Facal, Luís (2000-): *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña. Vol. I e II.
- De Gregorio Fernández, Emilio / Armando Sendín Domínguez (2010): *Diccionario de arte*. Vigo: Xerais.
- Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias (2008): *Glosario de termos parlamentarios*. <http://cpapx.xunta.es/institucionais-glosario-de-temos-parlamentarios> (consulta: 04/04/2015).
- Fagúndez Díaz, Teresa *et al.* (2008): *Diccionario Galego de Construción Naval*. Santiago de Compostela: Colegio Oficial de Ingenieros Navales y Oceánicos (Delegación en Galicia) / Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza / Xunta de Galicia. <http://diccionario.navalgalego.ingenierosnavales.com/> (consulta: 20/02/2015).
- Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia (coord.) (2010): *Galeg@ vende II*. Santiago de Compostela: Consellería de Innovación e Industria/ Dirección Xeral de Comercio. <http://portal-docomerciante.xunta.es/index.php/gl/biblio/7> (consulta: 20/02/2015).
- Gabinete Técnico de Saúde Laboral (2008): *Glosario de termos de prevención, saúde e ambiente laborais*. Santiago de Compostela: Confederación Intersindical Galega. <http://www.cigsaudelaboral.org/files/descargas/glosario%20formato%20web.pdf> (consulta: 03/02/2015).
- Giménez Fernández, Eduardo Luis *et al.* (2005): *Vocabulario de economía*. Vigo: Universidade de Vigo. http://anl.uvigo.es/UserFiles/File/glosarios/Vocabulario_de_economia.pdf (consulta: 20/02/2015).
- Gómez Guinovart, Xavier *et al.* (2014): *Léxico panlatino dos biocarburentes* (français-català-español-galego-italiano-português-romãna-english). Ottawa: Bureau de la Traduction / Rede Panlatina de Terminoloxía. http://www.bt-tb.tpsgc-pwgsc.gc.ca/btb.php?lang=fra&cont=g_2097 (consulta: 20/02/2015).
- Gómez Márquez, Jaime / Ana Viñas Díaz / Manuel González González (coord.) (2011): *Diccionario de bioloxía: galego-castelán-inglés*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <http://www.cirp.es/w3/publicacions/pub-0301.html> (consulta: 25/04/2015).
- González Piñeiro, María Isabel (2013): *Glosario de Arte para Bacharelato (castelán-galego)*. Cangas do Morrazo: Edicións Morgante.
- Institut Universitari de Lingüística Aplicada (2008): *Vocabulario multilingüe de economía-inglés, castelán, catalán, galego, vasco*. Barcelona: IULA / Universidade Pompeu Fabra. <http://ricoterm.iula.upf.edu/docums/vocecon/gal/> (consulta: 18/03/2015).
- Instituto Galego de Estatística (2010): *Vocabulario estatístico*. Santiago de Compostela: IGE. http://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003006&idioma=gl (consulta: 20/02/2015).
- Lahuerta Mourino, Fernando *et al.* (2002): *Vocabulario multilingüe de acuicultura*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Consellería de Educación e Ordenación Universitaria / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.pub_detalle2?p_id=91 (consulta: 20/02/2015).

- Martínez García, Pilar / Xusto A. Rodríguez Río (coord.) (2014): *Termos esenciais de administración electrónica (galego-español-francés-inglés-catalán)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/descargas/administracion-electronica.pdf> (consulta: 05/04/2015).
- Méndez López, Iván (2009): *Profesionaliza a túa lingua: podoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña. <http://www.udc.es/snl/terminoloxia/Podoloxia.pdf> (consulta: 05/04/2015).
- Porta, Jaume (dir.) (2014): *Dicionario multilingüe da ciencia do solo -GLOSECS- (español-catalán-galego-portugués-inglés-francés)*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans. DOI: 10.2436/10.2000.40.1 <http://cit.iec.cat/DMCSG/default.asp?opcio=0> (consulta: 20/02/2015).
- Portos de Galicia (2006): *Glosario de termos*. <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/378> (consulta: 14/01/2015).
- Reyes Oliveros, Francisco / Constantino García González (dir.) (2002): *Diccionario galego de termos médicos*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria / Dirección Xeral de Política Lingüística. <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/diccmedico.pdf> (consulta: 14/01/2015).
- Rodríguez Río, Xusto A. (coord.) (2012): *Vocabulario forestal (galego-español-inglés)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. <https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/snl/terminoloxia/descargas/forestal.pdf> (consulta: 13/04/2015).
- Rodríguez Río, Xusto A. (coord.) (2008): *Vocabulario de medicina: (galego-español-inglés-portugués)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. <https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/snl/terminoloxia/descargas/medicina.pdf> (consulta: 13/04/2015).
- Souto García, María Belén (2002): *Vocabulario das artes gráficas, obradoiro de encadernación*. Vigo: Universidade de Vigo. http://anl.uvigo.es/UserFiles/File/glosarios/Vocabulario_das_artes_graficas_Obradoiro_de_encadernacion.pdf (consulta: 13/04/2015).
- Varela Castro, Luciano / Xosé Xoán Barreiro Prado (coords.) (2011): *Diccionario xurídico galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Secretaría Xeral de Política Lingüística. Vigo: Xerais.